



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE XULLO DE 2014

1.- Devolución de fianzas.

A XGL aprobou a devolución de fianza por importe de 29.267,24 € solicitada pola empresa EULEN S.A. en relación ao contrato de dinamización social e igualdade de oportunidades, formación e educación de colectivos en risco de exclusión do proxecto europeo Urbana.

O programa tiña como finalidade contribuír ao desenvolvemento integral da poboación obxecto de intervención, en variables relacionadas coa atención e a integración social, a formación, capacitación, a educación non formal, a mellora da calidade de vida e o lecer das persoas. De xeito máis detallado os obxectivos perseguidos foron:

- Inclusión social integrada e personalizada, orientada particularmente ás necesidades específicas das minorías, persoas excluídas e persoas en potencial exclusión social, como son os máis xoves, os maiores e os inmigrantes.
- Acadar espazos educativos abertos para a realización de actividades formativas, culturais e de orientación laboral, como proposta de estilo de vida, dirixidas tanto á poboación infantil e xuvenil coma adulta.
- Fomentar nos xoves o desenvolvemento de factores de protección cara a condutas de risco.
- Desenvolvemento de puntos de encontro interculturais, con medidas tendentes á integración social dos colectivos de persoas emigrantes retornadas e inmigrantes.
- Promoción da igualdade de oportunidades a través de accións, servizos e recursos para o acompañamento e a conciliación laboral e familiar.
- Fortalecemento e potenciación das redes sociais operantes nos territorios de actuación, asegurando a súa participación e integración na definición e execución das actuacións.

Este programa tivo un custo de 690.707,59 € IVE incluído e unha duración de tres anos e medio desde novembro de 2010. Foi unha das actuacións máis importantes do Urbana que permitiu a participación nos seus programas de máis de 1.000 persoas.

2.- CON/42/2014 : Contrato privado para a celebración do concerto do grupo BELLE&SEBASTIAN o día 28 de xullo na Praza da Quintana, dentro da programación das Festas do Apóstolo 2014.

3.- CON/43/2014 : Contrato privado para a celebración do concerto do grupo TINARIWEN o día 30 de xullo na Praza da Quintana, dentro da programación das Festas do Apóstolo 2014.

4.- CON/44/2014 : Contrato privado para a celebración do concerto do artista LOQUILLO E A SÚA BANDA o día 24 de xullo na Praza da Quintana, dentro da programación das Festas do Apóstolo 2014.

5.- CON/45/2014 : Contrato privado para a celebración do concerto do artista JUAN PERRO & LA ZARABANDA o día 31 de xullo na Praza da Quintana, dentro da programación das Festas do Apóstolo 2014.

En relación a estes catro contratos para as Festas do Apóstolo 2014 a XGL veu de aprobar de forma definitiva as contratacións de artistas polos importes que se detallan a continuación:

-Concerto do grupo BELLE & SEBASTIAN o día 28 de xullo na Praza da Quintana, por un importe de 60.500 € IVE incluído.

-Concerto do artista JUAN PERRO & LA ZARABANDA o día 31 de xullo de 2014 na Praza da Quintana, por un importe de 24.200 euros IVE incluído.

-Concerto do artista LOQUILLO E A SÚA BANDA o día 24 de xullo na Praza da Quintana, por un importe 28.345 euros IVE incluído.

-Concerto do grupo TINARIWEN o día 30 de xullo na Praza da Quintana, 23.595 euros IVE incluído.

Os gastos das Festas do Apóstolo non so se sufragan co orzamento municipal senon que tamén se afrontan os gastos grazas os convenios cos distintos patrocinadores das Festas e que, nos últimos ano, veñen prestando este apoio as estas festas tan emblemáticas.

Ata o de agora deuse conta xa do convenio con Estrella Galicia – Hijos de Rivera por un importe de 19.360 €, e do convenio con El Corte Inglés por un importe de 7.260 € que sufraga os gastos do Día do Traxe Galego.

6.- Aprobación do expediente e autorización do gasto para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade da ampliación do sistema de información contable do Concello de Santiago de Compostela, mediante a subministración e mantemento dun sistema de tramitación dixital dos documentos contables e dixitalización das facturas adaptado á normativa orzamentaria e contable vixente para as entidades locais, segundo Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público permitirá axilizar os procedementos de pago a provedores e dar certeza das facturas pendentes de pago existentes. Este control informatizado e sistematizado das facturas favorecerá un seguimento rigoroso da morosidade a través dun indicador, o período medio de pagos. A devandita Lei establece un prazo de implantación ate o 15 de xaneiro de 2015, no que o rexistro electrónico de facturas deberá de estar implantado e en correcto funcionamento no Concello de Santiago.

A aplicación contable existente no Concello é SICALWIN. Mediante esta aplicación contable contabilízanse as diferentes operacións de gasto en tódalas súas fases. A factura rexístrase no Rexistro Xeral do Concello e no Rexistro de Intervención, anotándose automaticamente na aplicación contable SICALWIN, iniciándose nese momento o procedemento de tramitación da mesma que culmina co pagamento ao provedor.

Trátase de integrar na aplicación contable SICALWIN -xa existente no Concello-, o FIRMADoc (Procedemento electrónico de conformación de facturas), implantación de procedementos de tramitación das facturas e gastos, así como a implantación do Portal do provedor (que é o módulo do Portal do Cidadán integrado coa aplicación SICALWIN mediante o cal os provedores da Entidade poderán realizar diferentes accións vía telemática, entre as que se atopa o rexistro telemático de facturas).

O sistema de xestión contable SICALWIN, integrado coa aplicación FIRMADoc- BPM ofrece a posibilidade da xestión electrónica do proceso de conformación e/ou aprobación de facturas mediante a aplicación dos procesos normalizados, a xestión documental e a sinatura electrónica.

Os obxectivos a acadar impulsando esta contratación son os seguintes:

- 1- Adaptación á normativa vixente.
- 2.- Eliminación o documento factura da circulación física, garantíndose a trazabilidade e seguimento da mesma en tempo real.
- 3.- Cumprimento de prazos para o pago a provedores.
- 4.- Automatización dos circuitos de tramitación e sinatura electrónica das facturas, con cambio de estados incluídos.
- 5.- Aplicación de solucións avanzadas de dixitalización de facturas como a modalidade certificada pola AEAT, e/ou a compulsa electrónica.

URXENCIAS

1.- Apróbanse seis subvencións a empresas para o financiamento de bolsas que lles permitan contratar persoal especializado para a mellora da súa capacidade competitiva. Estas seis axudas suman 28.000 euros.